


RÍO GRANDE DE CAMARIÑAS


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Nace no Monte Meda (Coristanco), como río do Sixto; a partir da confluencia co río de Mira recibe o nome de río Baio ata que se xunta co Zas, a partir de onde pasa a ser coñecido como río Grande e, despois da confluencia co Cambeda ou Vimianzo tamén se coñece como río do Porto.
LONXITUDE	40 km
PERCORRIDO	Poboacións: Baio, Ponte do Porto
DESEMBOCADURA	Ría de Camariñas
CONCA	Superficie: 283 km ²
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	CONCELLOS: Coristanco, Zas, Vimianzo, Camariñas e Muxía. NORTE: Pena Forcada, Montes de Borneiro SUR: Monte Roma LESTE: Montes do Couso
AFLUENTES DEREITA	Fornelos, Cuncheiro
AFLUENTES ESQUERDA	Mira, Zas, Vilar, Castro, Vimianzo ou Cambeda, Mouzo e Carnés ou Riotorto
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	É un río dun discorrer maino e con poucos desniveis, agás nas partes altas das cabeceiras. Forma un amplo esteiro no fondo da ría de Camariñas.
CLIMA	Oceánico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. Con augas altas en xaneiro e baixas en Xullo.
FLORA	En case todo o seu percorrido conserva vexetación de ribeira: amieiras, salgueiros, freixos, carballos, silveiras, herba salgueira, fentos, pé de boi, espadainas, oucas...
FAUNA	Os peixes máis comúns son o reo, a troita, a anguía e a boga. Tamén se poden atopar varias especies de anfibios e gran variedade de invertebrados, especialmente insectos.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga (poboacións, agricultura, industria), pesca, produción de enerxía, acuicultura e lecer.
DATOS HISTÓRICOS	Na comarca pola que discorre o río (Terra de Soneira) consérvanse monumentos megalíticos (Dolme A Piosa, en Zas, ou Pedra da Arca, en Vimianzo), castros, castelos, e construcións de interese etnográfica (batáns e muíños). No Mosquetín hai un Centro Etnográfico con varios Muíños e Batáns que se poden visitar.
PROBLEMAS	Un dos principais problemas ambientais é a contaminación por verteduras, especialmente á altura das poboacións máis importantes, onde recibe augas residuais sen depurar.

RÍO GRANDE DE CAMARIÑAS

NACEMENTO: Monte Meda



DESEMBOCADURA: Ría de Camariñas (Océano Atlántico)